Claustro de San Francisco. 27850. Viveiro (Lugo). Tfno.:982.56.20.47 Fax:982.56.31.56. Correo electrónico: viveiro@fegamp.es

D.ª SARA MARTÍNEZ ÁLVAREZ, SECRETARIA DO EXCMO. CONCELLO DE

V I V E I R O (L U G O)

CERTIFICA: Que a acta da sesión ordinaria, celebrada pola Comisión de Goberno o día dezanove de setembro do dous mil cinco, copiada literalmente, di así:

**"ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZANOVE DE SETEMBRO DO DOUS MIL CINCO.**

**ASISTENTES**

**ALCALDE-PRESIDENTE**
D. Melchor Roel Rivas.

**CONCELLEIROS**
D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luis Docampo Fortes

**EXCUSA A SÚA AUSENZA**
D. César Ricardo Naval Parapar

**NON ASISTE**
D. Rafael Luis Fernández Amor.

**ENXEÑEIRO MUNICIPAL**
D. Alfonso Tenorio Aranguren.

**SECRETARIA**
D.ª Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as dezaoito horas e trinta minutos do día dezanove de setembro do dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, asi como a do enxeñeiro municipal, D. Alfonso Tenorio Aranguren, e a da Secretaria, D.ª Sara Martínez Álvarez, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en segunda convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

1º.1.- **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓNS ORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS ONCE E VINTEDOUS DE AGOSTO DE 2005.**

Informados do contido da acta, correspondente ás sesións celebradas os días 11 e 22 de agosto de 2005, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación.

2º.- **CORRESPONDENZA OFICIAL.**

**2.1. ESCRITO DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE DOMINIO PÚBLICO-AUGAS DE GALICIA, REMITINDO 2º REQUIRIMENTO FOSA SÉPTICA VIEIRO.**

Dáse conta do escrito do Xefe da Área de Vertidos de Augas de Galicia, con domicilio social na Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9, 15781 – Santiago de Compostela, no que se require novamente ó Concello que acredite as medidas adoptadas para evitar a producción de vertidos de augas residuais ao dominio público no lugar de Fontegrada; ainda despois de arquivar por caducidade o expediente sancionador incoado contra este Concello e as actuacións contra a Comunidade de Montes Veciñais de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicarlle á Dirección Xeral de Dominio Público:

1º Que este Goberno Municipal non ten responsabilidade das actuacións que deron orixen a este expediente sancionador por non tramitar, nin subvencionar a execución das obras da fosa séptica obxecto do requerimento.

2º Que este Concello xa aportou ante o dito organismo un escrito que contiña un convenio suscrito polo anterior Alcalde deste Concello e a Comunidade de Montes de Vieiro, polo que se acometía a construcción da fosa séptica con cargo a unha subvención municipal; documentación da que non consta expediente nestas dependencias.

3º Que un veciño afectado polos ditos vertidos interpuxo unha demanda contra a Comunidade de Montes de Vieiro, atopándose en trámite no Xulgado de Instrucción desta cidade e pendente de resolución.

**2.2. ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL, AUTORIZANDO SONDAXES.**

Dáse conta do escrito presentado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, autorizando a realización de sondaxes estratigráficas para caracterizar e delimitar o xacemento arqueolóxico de Area-Viveiro, planimetría e limpeza de perfil (Viveiro, Lugo).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do escrito ao departamento de obras e urbanismo e á oficina do Casco Histórico.

**2.3. ESCRITO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL REMITINDO SENTENZA (MANUEL MARTÍNEZ NÚÑEZ).**

Dáse conta do escrito da Diputación Provincial de Lugo, con domicilio social en San Marcos, 8, 27001-Lugo, no que se remite copia de Sentencia dictada pola Sala 2ª do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída nos autos do recurso nº 02/0004612/2001 seguido a instancia de D. Manuel Martínez Núñez.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do presente escrito á funcionaria do departamento de obras e urbanismo, Dª. María Isabel Parapar Ben.

**2.4. ESCRITO DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E BENESTAR, REMITINDO CONVOCATORIA DE CURSO (TALLER FRORES SECAS).**

Dáse conta do escrito da Vicepresidencia da igualdade e do benestar, con domicilio social en Rosalía de Castro, S/N, 27880-Burela, no que se informa do próximo curso "Taller de frores secas e cerámica" que se celebrará na Casa do Mar de Celeiro do 26 de outubro ao 9 de decembro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada.

**2.5. ESCRITO DO SEMINARIO DE ESTUDOS "TERRA DE VIVEIRO", SOLICITANDO AXUDA ECONÓMICA.**

Dáse conta do escrito do Seminario de Estudos "Terra de Viveiro", con domicilio social en Apartado, 103, 27850-Burela, no que se solicita axuda económica para creación dun grupo de sendeirismo do Río Sor.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado da solicitude a Concelleira Delegada da Área da Muller Rebeca Fernández Martínez

**2.6. ESCRITO DO CONCELLO DE XOVE, INFORMANDO APERTURA DE EXPOSICIÓN.**

Dáse conta do escrito do Concello de Xove, con domicilio social en Camiño Real, s/n, 27870-Xove, informando sobre apertura de exposición "Mujer y Sociedad Rural: Entre la incercia y la ruptura"dende o 15 ata o 30 de setembro de 2005.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada.

**2.7. ESCRITO DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, SINALANDO DIA PAGAMENTO DE EXPROPIACIÓN**

Dáse conta do escrito da Delegación Provincial de Innovación e Industria, con domicilio en Ronda da Muralla, 70, 27071-Lugo, informando sobre o pagamento de xustiprezo pola execución do proxecto denominado Parque Eólico de Viveiro, sendo beneficiaria a empresa Sistemas Enerxéticos Viveiro, S.A.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar informada do asunto.

**2.8. ESCRITO DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DE SANIDADE, REMITINDO ANALISES DE PRAIAS**

Dáse conta do escrito da Delegación Provincial de Consellería de Sanidade, no que se achegan os resultados da calidade sanitaria das augas das zonas habilitadas para o baño, conforme aos resultados das análises microbiolóxicas correspondentes ao control nº 8, resultado APTOS os seguintes puntos de mostraxe:

| | |
|---|---|
| 270660521 | AREA-Punto ünico |
| 270660543 | COVAS- Esquerda |
| 270660544 | COVAS- Dereita |
| 270660561 | SACIDO-Punto único |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada.

**2.9. ESCRITO DA CONSLLERIA DE POLITICA TERRITORIAL, COMUNICANDO ARQUIVO EXPEDIENTE "TURVIVEIRO"**

Dáse conta do escrito da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, comunicando arquivo do expediente do cambio de titularidade na concesión administrativa para a construcción e explotación de instalacións náutico deportivas a nome de Sociedade Turviveiro, S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda darse por informada e dar traslado do escrito ao Xerente de Turviveiro e ao Tenente de Alcalde – Presidente de Turviveiro, D. Rafael Fernández Amor.

Claustro de San Francisco. 27850. Viveiro (Lugo). Tfno.:982.56.20.47 Fax:982.56.31.56. Correo electrónico: viveiro@fegamp.es

**2.10. ESCRITO DA DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PESCA DE LUGO, REMITINDO SOLICITUDE DE INFORME.**

Dáse conta do escrito da Delegación Territorial de Lugo – Servizo de Usos do Litoral, solicitando un informe facendo especial referencia ós aspectos urbanísticos da obra "Reparación en edificación, cercado" a nome de D. Pedro Jesús Michelena Miranda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicarlle que segundo informe asinado polo enxeñeiro Municipal non compre engadir nada novo ao dito na información urbanística incluída no expediente na certificación do acordo da Xunta de Goberno Local deste concello na sesión ordinaria do día dous de maio de dous mil cinco.

**2.11. ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL SOLICITANDO COLABORACIÓN PARA REALIZACIÓN DUN CONCERTO.**

Dáse conta do esscrito presentado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, solicitando colaboración para realizar un concerto da Orquesta Sinfónica de Galicia así como a autorización correspondente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado.

3º.- **LICENZAS DE OBRAS MENORES.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar, previo pagamento das taxas municipais correspondentes, as seguintes licenzas de obras menores, que se expiden agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, debendo iniciarse no prazo de un mes e rematarse no de seis meses contados desde o día seguinte ó da notificación do acordo de concesión da licenza; transcorridos os devanditos prazos, iniciarase expediente para instar a caducidade da licenza.

3.1.- **A DE D. MANUEL MÍGUEZ COCIÑA**, veciño de Xove e con domicilio na Av. Diputación, 24 - 2º Iz., que solicita licenza urbanística para realizar obras na rúa Roufelle, 15, da parroquia de Celeiro, consistentes en:

- Demolición dun muro existente de 3 m. de largo. Votar soleira de formigón nunha superficie de 15 $m^2$ a 1 máis baixo do nivel da beirarrúa. Facer un muro de contención hasta o nivel da beirarrúa de 4 m de largo e 1 m de alto..

3.2.- **A DE D. HIPOLITO CASAL CORA**, veciña de Viveiro e con domicilio na rúa Antonio Bas, 16 - 2º C, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar indicado, consistentes en:

- Reparacións varias no interior do seu piso, vivenda conforme o orzamento e memoria adxuntos.

3.3.- **A DE D.ª MARÍA TERESA MONTES FILLOY**, veciña de Viveiro e con domicilio na rúa Misericordia, 38 – 3º B, que solicita licenza urbanística para realizar obras en Misericordia, 35 – 1º A, consistentes en:

- Sustituir axulexos, solo e fontanería dun baño de 6 $m^2$

3.4.- **A DE D. MANUEL HERMIDA MARTINEZ** veciño de Viveiro e con domicilio no lugar de Outeiro, 22, da parroquia de Chavín, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar indicado consistentes en:

- Sustitución de 2 ventás por unha en fachada de vivenda, cunhas dimensións de 1,20 $m^2$ de ancho x 1,00 m de alto, en aluminio gris.

3.5.- **A DE D. JOSE HERMIDA ARCA**, veciño de Viveiro e con domicilio no Lugar de Outeiro, 14, da parroquia de Chavín, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar indicado consistentes en:

- Recintar fachada proncipal de vivenda nunha superficie de 30 $m^2$

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado, segundo o informe do enxeñeiro municipal, que textualmente di:

"Deixará descuberta a pedra de cantería".

3.6.- **A DE D. "CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS, S.L."**, veciño de Foz e con domicilio na rúa Salvador de Madariaga, 1 – Entlo. B, que solicita licenza urbanística para realizar obras na rúa Constanza de Castro, 36 - Baixo, consistentes en:

- Acondicionamento de local en planta baixa, según presupuesto que se xunta.

3.7.- **A DE Dª. MÓNICA SANCHEZ MORA**, veciño de Madrid e con domicilio na rúa Cero de la Carrasqueta, 25 – 4 – Bj. D, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar Forxan, 11, parroquia de Valcarría, consistentes en:

- Pintado de fachada esquerda en blanco e cabana; barnizado das outras 3 fachadas. Pintado da varanda, medidas 10, 5,50 y 14 m. lineales x 7 de alto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado segundo o informe do enxeñeiro municipal, que textualmente di:

"O vernizado será tal que o resultado sexa acorde coa paisaxe rural e coas construccións tradicionais do asentamento"

**4º.- LICENCIA DE OBRA DESESTIMADA.**

4.1. **A DE D. CARLOS PORTELA GONZALEZ**, veciño de Viveiro e con domicilio no lugar de Xunqueira, 19 – 2ºD, que solicita licenza urbanística para realizar obras no lugar de Ameixoa, 13, na parroquia de Vieiro, consistentes en:

- Facer limpeza do camiño por atoparse con maleza e desnivelado e despois votar unha capa de formigón nunha superficie de 20 $m^2$ e 8 cm. de espesor.

A Xunta de Goberno Local , por unanimidade, acorda desestimar a obra solicitada de conformidade co informe emitido polo Técnico da Administración Xeral que di:

"Que o tratarse do arranxo dun treito de camiño que é de titularidade municipal non compre a expedición da licencia polo Concello"

5º.- **LICENZAS DE OBRAS MAIORES.**

5.1.- **A DE D JUAN JOSÉ GAYOSO LAMAS**, con DNI núm. 33.321.809-F, domiciliado na rúa Otero Pedrayo, nº 4 - 3º B - Covas, que solicita licenza urbanística para executar obras de construcción dunha vivenda unifamiliar de planta baixa e aproveitamento baixo cuberta, que se realizarán no Lugar da Parrela, Covas, consonte ó proxecto técnico redactado polo Arquitecto José Díaz López.

CONSIDERANDO que a obra que se pretende está suxeita a licenza, nos termos previstos no artigo 194.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Ru-

Claustro de San Francisco. 27850. Viveiro (Lugo). Tfno.:982.56.20.47 Fax:982.56.31.56. Correo electrónico: viveiro@fegamp.es

ral de Galicia, 242.1 da Lei 1/1992, de 26 de xuño, 5 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, e no artigo 10 do Regulamento de disciplina urbanística.

RESULTANDO que a zona xeográfica de implantación da edificación cualifícase nas NSP como solo urbano. Segundo informa o enxeñeiro municipal, a vivenda para a que se solicita licenza axústase á normativa do planeamento de aplicación.

CONSIDERANDO que o artigo 17 da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece que os propietarios do solo urbano teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable. No artigo 19 da Lei 9/2002, establece entre os deberes dos propietarios do solo urbano consolidado o de completar pola súa conta a urbanización necesaria para que aqueles alcancen, se aínda non a tivesen, a condición de soar Para tal efecto, deberán custear os gastos de urbanización precisos para completar os servicios urbanos e regularizar as vías públicas, executar as obras necesarias para conectar coas redes de servicios e viaria en funcionamento e cederlle gratuitamente ó concello os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento. Dando cumprimento ó disposto no artigo 40 do Regulamento de xestión urbanística, o promotor deberá achegar a declaración responsable á que nel se fai referencia.

CONSIDERANDO que a Disposición transitoria primeira, alínea 1. b), da Lei 9/2002, sinala que ó solo urbano dos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 1/97, que reúna as condicións establecidas no artigo 12. a) desta lei, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbano consolidado, sen prexuízo de respectar a ordenación establecida no planeamento vixente.

O aproveitamento que lle corresponde é o real que resulte da aplicación directa das determinación da norma de planeamento.

CONSIDERANDO que a Disposición transitoria sexta da Lei 9/2002 declara a vixencia, entre outros, do Regulamento de xestión urbanística, o cal, no seu artigo 40 esixe, para autorizar en solo urbano a edificación de terreos que non teñan a condición de soar, que o promotor preste fianza en contía suficiente para garantir a execución das obras de urbanización, na parte que lle corresponde. A este respecto, o Enxeñeiro municipal valora as obras pendentes de execución, consistentes na rúa pegada a FEVE na realización de beirarrúa, pavimento de calzada e canalizacións para os servicios de iluminación pública, abastecemento de auga potable, saneamento de augas residuais e pluviais e subministración de electricidade, na cantidade de cinco mil novecentos euros (5.900,00 €) .

RESULTANDO que o proxecto técnico vén acompañado do estudio de seguridade e saúde, asinado polo Arquitecto José Díaz López, cumprindo así o disposto no Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción.

CONSIDERANDO que os servizos técnicos fixeron o informe esixido polo artigo 195.2 da Lei 9/2002, e seguiuse o procedemento previsto no artigo 9 do Regulamento de servicios e demais lexislación aplicable, resultando de todo eso que o proxecto cumpre coas prescricións técnicas e xurídicas que lle son de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a D. JUAN JOSÉ GAYOSO LAMAS, con DNI núm. 33.321.809-F, licenza urbanística para executar obras de construcción dunha vivenda unifamiliar de planta baixa e aproveitamento baixo cuberta, que se realizarán en no Lugar da Parrela, Covas, consonte ó proxecto técnico redactado polo Arquitecto José Díaz López, cun orzamento estimado de cento trinta e un mil oitenta e cinco euros con trinta e seis céntimos (131.085,36 €), previo pagamento das taxas municipais correspondentes e cos seguintes condicionamentos

a) O promotor deberá achegar proxecto básico visado polo colexio profesiónal e, en calquera caso, antes do inicio das obras proxecto de execución sen cuia presentación non poderán inicarse aquelas

Claustro de San Francisco. 27850. Viveiro (Lugo). Tfno.:982.56.20.47 Fax:982.56.31.56. Correo electrónico: viveiro@fegamp.es

b) Esta licencia enténdese expedida agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, sen que se poida invocar para excluír ou diminuí-la responsabilidade civil ou penal na que incorresen os beneficiarios no exercicio das súas actividades.
c) O promotor, antes do inicio das obras, constituirá perante a tesourería municipal unha fianza por importe de cinco mil novecentos euros (5.900 €), en garantía da execución dos servicios urbanísticos pendentes, consistentes na rúa pegada a FEVE na realización de beirarrúa, pavimento de calzada e canalizacións para os servicios de iluminación pública, abastecemento de auga potable, saneamento de augas residuais e pluviais e subministración de electricidade.
d) As obras iniciaranse no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ó da recepción da notificación do acordo de concesión da licencia, e remataranse no de tres anos. Superados estes prazos, incoarase expediente para instar la caducidade da licencia. Non obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licencia sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente.
e) As obras de urbanización executaranse simultaneamente ás de construcción, de xeito tal que o promotor non poderá utiliza-la construcción en tanto non estea concluída a obra de urbanización, e incluírá esta condición nas cesións do dereito de propiedade ou de uso que se poidan levar a cabo. O incumprimento do deber de urbanización simultánea, acarreará a caducidade da licencia, sen dereito a indemnización, a incautación da fianza, así como a prohibición do uso da edificación.
f) As obras executaranse con estricta suxeición ó proxecto de construcción e ós demais que obran no expediente, e baixo a dirección dos técnicos que figuran neles. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.
g) Cando na proximidade das obras autorizadas se atopen instalacións de fíos telefónicos, conduccións de auga ou instalacións de calquera outro servicio público, o beneficiario quedará obrigado a:
    - Dar conta destes feitos para previ-los prexuízos que puideran irrogarse ó servicio público correspondente,
    - Sufraga-los gastos que se ocasionen por este motivo e
    - Repoñer ó seu estado anterior os elementos urbanísticos que puideran quedar afectados como consecuencia da obra autorizada..
h) O promotor queda obrigado ó cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, sendo obrigatorio levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.
i) A concesión desta licencia non prexulga en ningún caso a autorización para a apertura ó público de calquera dependencia da vivenda, nin para instalar nela actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.
j) Antes da ocupación da edificación, o promotor haberá de solicitar e obter no Concello a licencia de primeira ocupación, para o que deberá achegar, sen prexuízo do labor inspector daquel:
    1. Certificado final de obra.
    2. Documento acreditativo do remate das obras de urbanización.
k) Ó comezo das obras, en sitio visible, deberá figurar un cartel onde queden reflectidos os seguintes datos:
    1. Descrición da obra.
    2. Nome do promotor.
    3. Nome da empresa constructora.
    4. Nome do técnico redactor do proxecto e do director da obra.
    5. Usos ós que se vai destina-la construcción.

Claustro de San Francisco. 27850. Viveiro (Lugo). Tfno.:982.56.20.47 Fax:982.56.31.56. Correo electrónico: viveiro@fegamp.es

6. Data de expedición da licencia e número de expediente.
7. Data de comezo das obras.
8. Data prevista de remate.

5.2.- **A DE D. JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ EIJO**, con NIF núm. 33.758.644-A, domiciliado Lg-Toxeiras, nº 42 - Landrove, que solicita licenza urbanística para executar obras de substitución e mellora de cuberta, que se realizarán na Lg-Toxeiras, nº 42 - Landrove , consonte ó proxecto técnico redactado polo Arquitecto Fco J. Hermida Trastoy

CONSIDERANDO que a obra que se pretende está suxeita a licencia, nos termos previstos no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, 242.1 da Lei 1/1992, de 26 de xuño, 5 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, e no artigo 10 do Regulamento de disciplina urbanística.

RESULTANDO que o proxecto técnico vén acompañado do estudio básico de seguridade e saúde, asinado polo Arquitecto Fco J. Hermida Trastoy, segundo o disposto no Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción.

CONSIDERANDO que os servicios técnicos fixeron o informe esixido polo artigo 195.2 da Lei 9/2002, e seguiuse o procedemento previsto no artigo 9 do Regulamento de servicios e demais lexislación aplicable, resultando de todo eso que o proxecto cumpre coas prescricións técnicas e xurídicas que lle son de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a D. José María Vázquez Eijo, con NIF núm. 33.758.644-A, licenza urbanística para executar obras de substitución e mellora de cuberta, que se realizarán no Lg-Toxeiras, nº 42 - Landrove, consonte ó proxecto técnico redactado polo Arquitecto Fco J. Hermida Trastoy, cun orzamento estimado de doce mil douscentos trinta e seis euros (12.236 €), previo pagamento das taxas municipais correspondentes e cos condicionamentos seguintes:

a. Esta licencia enténdese expedida agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, sen que se poida invocar para excluír ou diminuí-la responsabilidade civil ou penal na que pudieran incorre-los beneficiarios no exercicio das súas actividades.
b. As obras iniciaranse no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ó da recepción da notificación do acordo de concesión da licencia, e remataranse no de tres anos. Superados estes prazos, incoarase expediente para insta-la caducidade da licencia. Non obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licencia se que se iniciase as obras entenderase caducada automaticamente.
c. As obras executaranse con estricta suxeición ó proxecto de construcción e ós demais que obran no expediente, e baixo a dirección do técnico/s que figura/n nel/es. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.
d. Cando na proximidade das obras que se autoricen se atopen instalacións de fíos telefónicos, conduccións de auga ou instalacións de calquera outro servicio público, o beneficiario quedará obrigado a:
    - Dar conta destes feitos para previ-los prexuízos que puideran irrogarse ó servicio público correspondente,
    - Sufraga-los gastos que se ocasionen por este motivo e
    - Repoñer á situación anterior os elementos urbanísticos que puideran quedar afectados como consecuencia da obra autorizada.
e. O promotor queda obrigado ó cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente e deberá levantar un valado de protección, o cal non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.
f. A concesión desta licencia non prexulga en ningún caso a autorización para a apertura ó público de calquera dependencia da edificación, nin para a instalación de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

g. Ó comezo das obras, en sitio visible, deberá figurar un cartel onde queden reflectidos os seguintes datos:
   1.- Descrición da obra.
   2.- Nome do promotor.
   3.- Nome da empresa constructora.
   4.- Nome do técnico redactor do proxecto e do director da obra.
   5.- Usos ós que se vai destina-la construcción.
   6.- Data de expedición da licencia e número de expediente.
   7.- Data de comezo das obras.
   8.- Data prevista de remate.

6º.- **LICENZAS DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

Vistos os expedientes tramitados a instancia dos veciños que se dirán, que solicitan a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento neste municipio, cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende, a Xunta de Goberno Local, en uso das facultades conferidas pola Lei reguladora das bases de réxime local, do 2 de abril de 1985, e Texto Refundido das disposicións legais en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal; por delegación do Sr. Alcalde, outorgada por resolución de data de 19 de xuño de 2003, acorda conceder as licenzas que se solicitan, así como aprobar a liquidación das taxas municipais, que figuran no expediente, ascendendo o importe á cantidade que se cita a continuación, que deberá ser ingresada, previamente, nas arcas municipais, sen o cal as licenzas non producirán efecto ningún:

6.1.- **A DE MANUEL BALSEIRO Y OTRA C.B.,** veciño de Viveiro e con domicilio en Ferández Victorio, 2, que solicita a licenza regulamentaria para proceder á apertura dun local destinado a COMERCIO POLO MÍUDO DE PRENDAS DE VESTIR "OUTLET", a situar en Fernández Victorio, 5 - Baixo, previo pagamento das taxas municipais correspondentes que ascenden á cantidade de 335,82 €uros e cos seguintes condicionamentos:

- Só poderá exercerse a actividade para a que se lle concedeu a licenza.
- O peticionario queda obrigado á observancia de cantas disposicións de carácter xeral e de policía local afecten á actividade de que se trate.

6.2.- **A DE D. VICENTE TEJADO GALÁN,** veciño de Viveiro e con domicilio na Rúa Granxas, 13 – 4º D, da parroquia de Covas, que solicita a licenza regulamentaria para proceder á apertura dun local destinado a CAFE – BAR E RESTAURANTE DUN TENEDOR, situado na rúa Granxas, 15 - Baixo, previo pagamento das taxas municipais correspondentes que ascenden á cantidade de 421,49 €uros e cos seguintes condicionamentos:

- Só poderá exercerse a actividade para a que se lle concedeu a licenza.
- O peticionario queda obrigado á observancia de cantas disposicións de carácter xeral e de policía local afecten á actividade de que se trate.

6.3.- **A DE D.JESÚS PAZ, S.L.** veciña de Viveiro e con domicilio no Lugar da Carreira, 4, parroquia de Covas, que solicita a licenza regulamentaria para proceder á apertura dun local destinado a CARPINTERIA, situado no lugar de Estación de Feve, S/N previo pagamento das taxas municipais correspondentes que ascenden á cantidade de 241,81 €uros e cos seguintes condicionamentos:

- Só poderá exercerse a actividade para a que se lle concedeu a licenza.

- O peticionario queda obrigado á observancia de cantas disposicións de carácter xeral e de policía local afecten á actividade de que se trate.

6.4.- **A DE Dª. MARIA PILAR PARRA VALLE.** veciña de Viveiro e con domicilio no Lugar de Barral, 4, parroquia de San Pedro, que solicita a licenza regulamentaria para proceder á apertura dun local destinado a PELUQUERIA, situado na rúa Prolongación de Constanza de Castro, 31 – Baixo, previo pagamento das taxas municipais correspondentes que ascenden á cantidade de 72,14 €uros e cos seguintes condicionamentos:

- Só poderá exercerse a actividade para a que se lle concedeu a licenza.
- O peticionario queda obrigado á observancia de cantas disposicións de carácter xeral e de policía local afecten á actividade de que se trate.

## 7º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DE EXPEDIENTES DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS.

7.1.- **EXPTE. PROMOVIDO POR "A VARIANTE C.B."**

Visto o expediente Núm. 008/04, instruido a instancia de **A VARIANTE, C.B.** con domicilio en Avda. Ferrol, 29 baixo - Viveiro que solicita a regulamentaria licenza Municipal para a posta en funcionamento dunha **CAFETERÍA DUNHA TAZA** a ubicar en esquina Avda. Ferrol, 29 baixo - Viveiro

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporado os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente este Organismo con data 7 de setembro de 2005, informa en sentido favorable condicionado, cualificando dita actividade como Molesta por producción de ruidos, debendo cumprir con todas as medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria presentados. Terase en conta o Informe do Xefe Local de Sanidade. Ademais velaran polo cumprimento do preceptuado no REBT e as súas ITC`S (Regulamento electrotécnico de Baixa Tensión e as suas Instruccions Técnicas Complementarias), na Lei 7/97 de protección acústica, Decreto 150/99 de 7 de maio (Regulamento de Protección Acústica) e a Ordenanza Municipal en materia de ruídos, na NBE-CPI/96 (Norma básica da edificación, sobre protección contra incendios dos edificios) e percorridos de evacuación e sinalización dos mesmos, e na NBE-CA-88 (Norma básica de edificación, sobre condicións acústicas en edificios).

Terase tamén en conta a Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos e a Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos, así como o determinado no artigo 34 do R.A.M.I.N.P., en concordancia co preceptuado no Decreto 156/95 de inspección ambiental.

RESULTANDO: que o lugar de emprazamento non está en contradicción coas Ordenanzas e acordos Municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: que na tramitación deste expediente observáronse as prescripcións legais.

CONSIDERANDO: que é da competencia desta Alcaldía a concesión da licencia solicitada, de conformidade co disposto no Art. 6º do Regulamento de 30 de Novembro de 1961.

A Xuna de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º- Conceler provisionalmente a licenza que se solicita, cumpríndose as observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala dita Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, non podendo comenzar a exercerse a actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva, para o que será indispensable levantar acta de comprobación, que o interesado deberá solici-

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

tar a este Concello, a cal terá que ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; ingresándose, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascenden as taxas regulamentarias, segundo a liquidación que practicará a Intervención Municipal.

2º.- Notificar esta resolución o interesado, así como os recursos legais que contra a mesma poida interponer.

3º.- Comunicar igualmente á referida Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente no prazo de tres días, para cumprir o preceptuado no art. 6º da Instrucción do 15 de Marzo de 1963, en relación co Real Decreto de Transferencias sobre a materia e disposicións complementarias."

8º.- **RESOLUCIÓN DE INSTANCIAS**

8.1.- **ESCRITO DE D. ANDRÉS LÓPEZ BLANCO, SOLICITANDO INFORMACIÓN SOBRE NOVA RÚA.**

Dáse conta do escrito de D. Andrés López Blanco en representación de Andrés López Blanco, S.L., con domicilio en Avda. de Ferrol, 21, no que solicita información en relación a rúa de nova apertura en Avda. de Ferrol, s/n.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado da solicitude á Comisión Informativa de Obras.

8.2.- **ESCRITO DE "MERCADONA, S.A.", SOLICITANDO INFORMACIÓN INSTALACIÓN SUPERMERCADO.**

Dáse conta do escrito de Dª Lourdes Fernández Heras, en representación de MERCADONA, S.A., veciña de Valencia, con domicilio na rúa Valencia, 5, 46016-Tavernes Blanques, no que solicita información coa posibilidade de implantar un Supermercado de Alimentación e Aparcamento Anexo na Avda. de Ferrol deste municipio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda emitir a seguinte información, segundo o informe do enxeñeiro municipal, que textualmente di:

"1. O uso de local comercial na planta baixa e no entresollado está permitido pola ordenanza "Residencial cerrada intensiva" que é de aplicación, e ademais está xa autorizado polo licenza 2003/165, xa que estaba previsto no proxecto, polo que é viable.
2. Non obstante, deberá redactarse un proxecto para tramitar o expediente de licenza de obra, que cumpra o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e a demais normativa de obrigado cumprimento, e deberá tramitarse tamén o expediente de actividade clasificada de acordo co Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas."

8.3.- **ESCRITO DE "CONSTRUCCIONES COTO RIBADEO, S.L." SOLICITANDO INFORMACIÓN URBANISTICA**

Dáse conta do escrito de Construcciones Coto Ribadeo, S.L., veciño de Ribadeo e con domicilio en Av. Galicia, 35 – 1º D, no que solicita información urbanística en relación cunha finca situada en Suasbarras, parroquia de Covas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda emitir a seguinte información urbanística, segundo o informe do enxeñeiro municipal, que textualmente di:

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

"

1. De acordo coas normas subsidiarias de planeamento (NSP) e co plan especial de reforma interior (PERI) de Covas vixentes, o solo que ocupan as fincas é urbano, e está afectado pola ordenanza "Residencial cerrada extensiva" (RCE), así como pola apertura ou ancheamento de diversas rúas.
2. Tamén está afectado pola modificación puntual do PERI aprobada definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo o 30 de xullo de 1991, pola que se modifica a aliñación á estrada LU-862 da parte norte do quinteiro.
3. Tocante á categoría de solo urbano, non está nas NSP nin no PERI definida; para a súa definición pódense ter en conta entre outros os seguintes datos:
    a. Acceso: O quinteiro ten acceso pola estrada LU-862 e polo camiño da estación, rúas pavimentadas, e a primeira con beirarrúas.
    b. Servizos: O quinteiro dispón de tódolos servizos pola estrada LU-862 e polo camiño da estación. De feito, está case enteiramente edificado.
    c. Urbanización: O quinteiro está urbanizado de acordo coas aliñacións do PERI, agás na fronte traseira, onde está pendente a apertura dunha rúa.
    d. Obras necesarias para adquirir a condición de soar: Habería que urbanizar a rúa traseira de nova apertura. Na miña opinión é unha obra accesoria que se pode facer simultaneamente á obra de edificación.
    e. Necesidade de procesos con equidistribución: Entre as parcelas lindeiras ou inmediatas ó quinteiro, e entre as propias parcelas do quinteiro, non hai ningunha, na miña opinión, sen aproveitamento de acordo cos planos do PERI, de modo que faga necesario o reparto de cargas e beneficios.
    f. Diferenzas entre a ordenación prevista no planeamento e a realmente existente: Non hai.
    g. Áreas de recente urbanización á marxe do planeamento: Non se dá este caso.

Xunto a este informe a fotocopia do plano de "organización espacial, rede viaria, e aliñacións e rasantes" correspondente da modificación puntual do PERI, no que se marcan as aliñacións, así como a folla do PERI co significado dos sombreados dos planos; a ordenanza RCE das NSP; e os artigos da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUPMRG), modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da LOUPMRG, coas definicións das categorías do solo urbano e o seu réxime urbanístico (artigos 11, 12, e do 16 ó 20)."

8.4.- **ESCRITO DE "CONSTRUCCIONES COTO RIBADEO, S.L." SOLICITANDO INFORMACIÓN URBANISTICA**

Dáse conta do escrito de Construcciones Coto Ribadeo, S.L., veciño de Ribadeo e con domicilio en Av. Galicia, 35 – 1º D, no que solicita información urbanística en relación cunha finca situada en Río de Loiba, parroquia de Covas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda emitir a seguinte información urbanística, segundo o informe do enxeñeiro municipal, que textualmente di:

4. "De acordo coas normas subsidiarias de planeamento (NSP) e co plan especial de reforma interior (PERI) de Covas vixentes, o solo que ocupa a finca é urbano, e está afectado pola ordenanza "Residencial cerrada extensiva" (RCE) e polo ancheamento da estrada LU-862 e da rúa transversal.

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

5. Tocante á categoría de solo urbano, non está nas NSP nin no PERI definida; para a súa definición pódense ter en conta os seguintes datos:
   a. Acceso: A finca ten acceso pola estrada e pola rúa transversal.
   b. Servizos: A parcela dispón de tódolos servizos pola estrada ou pola rúa transversal.
   c. Urbanización: A finca aínda está sen urbanizar de acordo coas aliñacións da estrada e da rúa transversal, onde están pendentes as cesións correspondentes.
   d. Obras necesarias para adquirir a condición de soar: Habería que urbanizar os terreos obxecto de cesión necesarios para anchear as ditas vías. Na miña opinión son obras accesorias que se poden facer simultaneamente á obra de edificación.
   e. Necesidade de procesos con equidistribución: Entre as parcelas do mesmo rueiro ou as lindeiras non hai ningunha sen aproveitamento, segundo os planos do PERI. Só a parcela de referencia 50, na miña opinión, ten unha carga proporcionalmente algo maior có resto das parcelas, o cal pode facer necesario o reparto.
   f. Diferenzas entre a ordenación prevista no planeamento e a realmente existente: Non hai diferenzas, á parte do feito das edificacións existentes na parcela fóra de aliñación.
   g. Áreas de recente urbanización á marxe do planeamento: Non se dá este caso.
6. Xunto a este informe a fotocopia do plano correspondente do PERI, no que marco as parcelas sobre as que informo e a de referencia 50, a ordenanza RCE das NSP, e os artigos da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUPMRG), modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da LOUPMRG, coas definicións das categorías do solo urbano e o seu réxime urbanístico (artigos 11, 12, e do 16 ó 20)."

8.5.- **<u>ESCRITO DE Dª. ANA LÓPEZ RIVERA E Dª. CELIA PEÑA CEBREIRO, SOLICITANDO INFORMACIÓN URBANISTICA</u>**

Dáse conta do escrito de Ana López Rivera e Celia Peña Cebreiro, veciñas de Viveiro e con domicilio en Av. Nicolas Cora Montenegro, 76 – 2º C, no que solicita información urbanística en relación con unha finca situada no Lugar Camiño da Igrexa, parroquia de Covas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda emitir a seguinte información urbanística, segundo o informe do enxeñeiro municipal, que textualmente di:

"

1. De acordo coas normas subsidiarias de planeamento (NSP) e co plan especial de reforma interior (PERI) de Covas vixentes, o solo que ocupa a finca é urbano, e está afectado, ademais de pola vía O1-O2-O3, polas ordenanzas "Residencial cerrada extensiva" (RCE) e "Espacio libre" (EL).
2. Así mesmo, de acordo coa adaptación á Lei 11/1985 de adaptación da do solo a Galicia (LASGA) das NSP tamén vixente, a parte do solo da parcela dentro da zona de servidume de protección do DPMT está baixo a ordenanza "Zona de servidume de protección" (ZSP), da dita adaptación á LASGA.

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

3. A parcela dispón, na súa fronte á rúa da Igrexa, dos servicios de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede municipal de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, e acceso por vía pública pavimentada, sen beirarrúa.
4. Xunto a este informe a fotocopia do plano de "organización espacial, rede viaria, e aliñacións e rasantes" correspondente do PERI, no que se marcan as aliñacións e as ordenanzas, así como a folla do PERI co significado dos sombreados dos planos, as ordenanzas RCE, EL das NSP e a ZSP da adaptación á LASGA
5. Con relación ás demais cuestións formuladas, opino que o PERI está vixente, e non hai modificación do PERI nin estudio de detalle nin plan parcial ningún que afecten á finca."

8.6.- **ESCRITO DE Dª GORETTI FERNÁNDEZ NOVOA, SOLICITANDO SEGREGACIÓN.**

Dáse conta do escrito de Dª Goretti Fernández Novoa, veciña de Viveiro e con domicilio en Lodeiro, 28 – 5º A, no que solicita segregación de fincas en Area, parroquia de Celeiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autoriza a segregación solicitada, de conformidade co informe do técnico municipal, que textualmente di:

"1. Dª. Goretti Fernández Nova, con DNI núm.: 33.998.816-D, en nome e representación de Dª. Carmen Cociña Abella, solicita autorización para a segregación dunhas parcelas no lugar de Brieiro, na parroquia de Faro, consonte ao proxecto de segregación que achega coa solicitude.

2. Consta o informe do técnico municipal, enxeñeiro de camiños canles e portes, onde se sinala que as parcelas obxecto do proxecto de segregación están dentro do Núcleo Rural de Brieiro, séndoselles aplicable a réxime establecida para o solo de núcleo rural.

Todas as parcelas resultantes, cumpren a parcela mínima esixible para núcleo rural na súa categorías das áreas de expansión.

3.- No expediente cumpríuse coa tramitación previnida no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Vistos os artigos 204 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e demais normativa de xeral aplicación,

En base aos feitos e fundamentos de dereitos expostos, procede adoptar resolución pola que se dispoña:

1º.- Conceder licenza para segregar a finca que a continuación se describirá, en base á copia de escritura, plano e demais datos achegados polo interesado do expediente:

FINCA MATRIZ
Supercie: 2.455 m2.
Lindeiros actuais: Norte, Laureano Salgueiro y José María Cociña; Sur, José Salguerio Abad, Leste, Camiño Público e Oeste, Estrada Viveiro a Faro.

FINCAS RESULTANTES:
PARCELA-A
Superficie: 606 m2.
Lindeiros actuais: Norte, José María Cociña; Sur, parcela B; Leste, camiño pú blico e Oeste, parcela B.

PARCELA-B
Superfice: 689 m2.

Lindeiros actuais: Nortte, Laureano Salgueiro e a parcela A, Sur, José Salguerio Abad; leste, parcela A e camiño público; e Oestse, parcela C.

PARCELA-C
Superficie: 634 m2.
Lindeiros actuais: Norte, Laureano Salgueiro e a parcela D; Sur, José Salguerio Abad, leste, parcela B; e Oeste, parcela D e estrada de Viveiro a Faro.

PARCELA-D
Superficie: 605 m2.
Lindeiros actuais: Norte, Laureano Salguerio; Sur, parcela C; Leste, parcela ; e Oeste, estradade Viveiro a Faro.

Condicionar a expedición da presente autorización á presentación da acreditación da representación da solicitante, sen a que a cal non terá efectos.”

Dáse traslado ao departamento de obras e urbanismo para a súa tramitación.

8.7.- **ESCRITO DE Dª DOLORES GOAS VILAR, SOLICITANDO SEGREGACIÓN.**

Dáse conta do escrito acompañado de memoria e planos achegado por Dª Dolores Goás Vilar con DNI 37.763.873-N, con enderezo a efectos de notificación na rúa Merced, 39 – 4º Iz - A Coruña, no que solicita autorización para segregación dunha parcela dunha finca matriz sita en Augadoce, da parroquia de Faro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar a segregación solicitada de conformidade co informe emitido polo Técnico de Urbanismo e Contratación que literalmente di:

“ANTECEDENTES

Primeiro.- Dona Dolores Goás Vilar solicita autorización para a segregación dunha parcela consonte o proxecto de segregación que acompaña á solicitude.

Segundo.- Consta o informe do enxeñeiro municipal onde se sinala que a parcela obxecto do proxecto de segregación está dentro do Núcleo Rural de Augadoce, séndolle aplicable o réxime establecido para o solo de núcleo rural e en concreto a disposición transitoria primeira número 1 letra e).

Terceiro.- A parcela obxecto de segregación ten concedida licencia para construcción de vivenda unifamiliar núm. 2004/326 aprobada pola Xunta de Goberno Local do 5 de xaneiro de 2005, anterior á entrada en vigor da modificación da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia que afectou á disposición transitoria primeira no tocante ó réxime aplicable nos núcleos rurais segundo o grao de consolidación deles.

Cuarto.- Os artigos 204 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e demáis normativa de xeral aplicación,

En base ós feitos e fundamentos de dereito expostos, procede adoptar resolución pola que se dispoña:

Conceder licencia para segregar da finca que a continuación se describirá, a parte da finca que igualmente se describe, en base á copia de escritura, plano e damáis datos achegados polo interesado do expediente.

FINCA MATRIZ

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

Superficie: 2.253,63 m$^2$
Linderos actuais: Norte, Manuel Balseiro; Sur, estrada; Leste e Oeste, Manuel Balseiro

FINCA QUE SE SEGREGA
PARCELA – A
Superficie: 359,27 m$^2$
Linderos actuais: Norte, Manuel Balseiro; Sur, estrada; Leste, resto da finca matriz e Oeste, Manuel Balseiro"

8.8.- **ESCRITO DE Dª REBECA RIVERA VEIGA, SOLICITANDO FACER PRÁCTIAS DE PEDAGOXÍA.**

Dáse conta do escrito de Dª Rebeca Rivera Veiga, veciña de viveiro, con domicilio en Melitón Cortiñas, 15 – 2º Izq., no que solicita permiso para facer prácticas nos Servizos Sociais de pedagoxía có fin obter créditos de libre configuración

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado.

8.9.- **ESCRITO DE "ZARDOYA OTIS", LEMBRANDO MEDIDAS DE SEGURIDADE ASCENSORES.**

Dáse conta do escrito presentado por Zardoya Otis, S.A., con domicilio na Praza da Liberdade, 14-16 – Entlo., 27002-Lugo, lembrando a entrada en vigor do novo reglamento de Aparatos de Elevación e Mantemento RD 2291/1985 ás que se refire ás Inspeccións Periódicas e Medidas de Seguridade dos ascensores.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado ao Concelleiro-delegado de Educación ao obxecto de que por a empresa "Zardoya Otis, S. A.", se realicen os servizos necesarios para dar cumprimento ao novo regulamento polo que respecta ás inspeccións periódicas e medidas de seguridade dos ascensores; igualmente, dase traslado ao departamento de Intervención aos efectos de coñecemento e trámites para o aboamento dos ditos servizos.

8.10.- **ESCRITO DE D. JOSÉ HERMIDA MUIÑOS, SOLICITANDO PREGO DE FIRMA PRO-SAHARA**

Dáse conta do escrito de D. José Hermida Muiños, veciño de A Coruña, con domicilio en La Cuesta de Santa Marta de Babío, 29. 15165- Bergondo, no que manifesta queixas pola perda dun faixo de follas para sinaturas en fenefizo dun referéndum para o pobo saharaui, e refiríndose ironicamente e dubidando da disposición dos responsables do goberno municipal para apoiar dita a iniciativa referida.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda facilitar copia do presente escrito ao Señores Alcalde e 1º. Tenente de Alcalde para a súa contestación.

8.11.- **ESCRITO DE D. JUAN MANUEL LÓPEZ VÁZQUEZ, SOLICITANDO PERMISO PARA OCUPACIÓN VIA PUBLICA (FESTA RÚA "ZAPATERIA")**

Dáse conta do escrito presentado d D. Juan Manuel López Vázquez, veciño de Viveiro, con domicilio na rúa Rosalía de Castro, 8, solicitando permiso para instalación de dúas barras e un palco móvil na rúa, para á realización dunha pequena actuación musical.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado.

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

8.12.- **ESCRITO DE D. CLAUDIO MARTINEZ YÁÑEZ, SOLICITANDO REVISIÓN DE EXPEDIENTE (CERVECERÍA MAYMA, S.L.)**

Dáse conta do escrito de D. Claudio Martínez Yáñez, en calidade de Presidente da Comunidade de Propietarios Otero Pedrayo, 2, escalera 21, e con domicilio a efectos de notificacións na rúa Otero Pedrayo, 2 – escalera 2, piso 4º E , solicitando que se efectuen evaluacións do nivel de ruido en distintos días e horas, co fin de constatar que se cumple coa normativa legal para conceder a licencia de apertura.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado do escrito o departamento de Obras e Urbanismo, así como á Policía Local.

